

Tenis

2015

28/12/15

**Os frentes do tenis Barbazán:
*MÁSTER PROVINCIAL DE TENIS**

**Club Tenis
Punta Salera
981-83 23 06
691-20 32 43**

MASTER PROVINCIAL DE TENIS

NOTA: Esta competición naceu no ano 2004, celebrada ininterrumpidamente, polo C.T.Boiro, club que a creou, pois non existía. As datas seguen sendo, como sempre, a última semana do ano, e participan os 16 mellores xogadores e xagadoras da provincia da Coruña, según o ranking da federación española, e sempre que teñan licencia federativa pola provincia da Coruña.

Rematou este domingo a 11ª edición do **Máster provincial de tenis-Jealsa**. O evento estaba organizado polo C.T.Boiro en colaboración co concello de Boiro e patrocinado por Jealsa.

O torneo estaba reservado para os 16 primeiros xogadores e xogadoras da provincia da Coruña, según o ranking da federación española. E esta competición repartiu 580€ en cada categoría(1160€ en total).

As datas de celebración foron o 23, 26 e 27 de decembro, e disputouse nos pavillóns de Boiro (Barraña, Escarabote e Playa Jardín).

Na **categoría feminina**, a primeira cabeza de serie e actual campiona, Celia Montero, nº3 do ranking galego, non defraudou e alzou o título un ano máis. Como o ano pasado, a finalista foi Iria Seoane (7 de Galicia). En canto á participación local, hai que destacar as semifinais de Belén Hermo e Carlota Ozores, que quedaron a unha victoria da final.

En **categoría masculina**, o primeiro favorito era Pablo Otero da Coruña (2º de Galicia e 74º de España), pero caíu nas semifinais, nun excelente partido, fronte a Pablo Illodo de Santiago. O título de campión provincial foi para o coruñés Luis Fernández Labarta que partía coma 2º cabeza de serie (9 de Galicia) e que nun longo partido beneficiouse do cansancio do santiagués para levarse o título. Os xogadores locais non brillaron especialmente, tan só podemos recordar os curtos de final acadados por Carlos Seráns e o boirense Adrián Cespón.

Pódese consultar todo en: <http://www.ctpuntasalera.es/>